



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA
5 DE DECEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior
2. Dar conta orzamentos participativos 2017
3. Rogos e preguntas

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e cinco minutos, do cinco de decembro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

GRUPOS POLITICOS:

PP – ANA MARÍA ALONSO ALONSO

PSdeG-PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

BNG - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

AER - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

ISABEL ALONSO LEMOS

CARLOS COVELO SOLLA

JACINTO GIMÉNEZ LAGO

XAQUÍN MIGUEL LÓPEZ COLLAZO

ASOCIACIÓNS CULTURAI:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA

COMUNIDADE DE AUGAS

GUMERSINDO FERNÁNDEZ MÉNDEZ

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ



CONCELLO DE REDONDELA

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

MERCEDES LESTÓN LÓPEZ

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María del Carmen Amoedo Dasilva, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cedeira convocada para o día de hoxe.

Incidencias

O Sr. González Campo representante do BNG comparece ás vinte horas e trinta minutos.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 26.04.2017.

O Consello Parroquial de Cedeira, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

2. Dar conta orzamentos participativos 2017

A Presidenta explica as actuacións realizadas:

- A tarima xa está colocada.
- As fiestras as colocaran esta semana.
- En canto a reparación da fonte da Bandeira, se estivo vendo, habería que levantar a estrada e sería costoso, non chegarían os 6000 euros. A fonte do Civil na Portela sería máis factible para recuperala, estiveron na zona Jacinto e os técnicos.

O Sr. Covelo Solla, representante da asociación de veciños, di que non habería problema, os propietarios das fincas deixarían pasar e hai que retirar os entullos.

Sometido a votación, se acorda por unanimidade arranxar a fonte do Civil na Portela.

3. Rogos e preguntas

A Presidenta explica varios temas:

- Comezaron a obra da alcantarillado dente Fortóns ata o Alcampo.
- Na parte de abaixo no Cadaval estivo vendo o proxecto para poder conectar na nacional facendo un topo.
- Na zona de Rande estase botando formigón en zonas de pendente para mellorar a seguridade tanto para vehículos como peóns.
- No proxecto da autopista está a rehabilitación do antigo castelo, tratarase de recuperalo ao máximo.
- Vaise continuar coa senda ata o Alto da Encarnación.
- Colocouse a barandilla na zona da Portela.

En relación con este asunto, o Sr. Covelo Solla comenta que a barandilla está perfecta pero nese tramo habería que botar zahorra ou algo similar para adecentalo.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta continua informando que nesta semana vai comezar a última fase do paseo do Maceiras que encontra coa ponte da Lama.

Ademais, comenta que onde a zona do Alcampo se vai adecentar, facer un tramo de xabre compactado para pasar.

O Sr. López Collazo, representante da asociación de veciños, pregunta cal é o tempo estimado para a realización do saneamento e por onde vai o trazado, onde engancha etc. Comenta a situación dunha veciña para a cal vai ser moi costoso o enganche pois antes lle pasaba por diante da porta e agora ten que bombear ata arriba.

A Presidenta lle contesta que se rematará en dous meses máis ou menos depende do tempo. Explica que o trazado se modificou porque por abaixo había unhas persoas que non deixaban.

Ademais, indícalle que o proxecto se levou ao consello, se explicou e se clarexaron todas as dúbidas e se algún deles ten algunha dúbida, poden acercarse ao Concello a consultalo e mirar o proxecto que está avaliado polo técnicos.

O Sr. López Collazo, representante da asociación de veciños, pregunta se é obrigatorio que esa veciña afectada enganche porque lle é moi costoso e non pode sufragar o coste da obra.

A Presidenta lle contesta que se ten medios alternativos, fosa séptica, non é obrigatorio. Lles reitera que se queren poden ver o proxecto ou falar no sitio co director da obra.

Despois se continuará coas zonas que non teñen, como da do Cadaval.

O Sr. Covelo Solla, representante da asociación de veciños, comenta o tema do colector, que hai casas sen conectar.

O Sr. Couñago Mosquera, lle contesta que hai moitos que se conectaron, agora hai máis que antes.

O Sr. Lamas Guisande, representante da asociación cultural, pregunta se as casas que teñen que bombear non pagan os 1200 euros.

A Presidenta lle contesta que hai que consultalo no departamento de medioambiente e no caso de que sexa así, teñen que solicitalo.

A Presidenta continua dicindo que na zona da Portela, antes do tunel onde a torreta de Fenosa, vaise facer un proxecto para contención das terras.

O Sr. Couñago Mosquera, representante da asociación cultural, comenta o mal estado do tunel vello, falou coa concelleira de vías e obras, M^a José, e lle dixo que Adif non lle deixa tocar alí. Ademais, enriba do tunel non se pode pasar porque hai coches aparcados dos traballadores dunha fábrica. Máis abaixo a ponte é unha vergonza cando chove, nin se nivela e siguen aparcando coches.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta lle contesta que é un tema complicado porque a ponte leva un tendido eléctrico e está afectada por Adif e para calquera actuación se necesita autorización deles. Habería que intentar nivelala doutra forma.

O Sr. Comesaña López, representante da asociación cultural, con respecto a Meirande solicita que se mellore a iluminación dende o aparcamento ata Meirande. Ademais, comenta que os traballadores de Meirande xa acabaron o contrato e pregunta se continuará aberto. O ano pasado estivo pechado unhas semanas pide que este ano non pase o mesmo, polo menos que esté medio día para que atendan a xente-

O Sr. Comesaña López, tamén comenta:

- O tema do alcantarillado de Cotarel, que non poden nin facer fosas porque é unha zona de pedra, haber que se pode facer.
- O colector do camiño da Subida Cristo o colector está posto pero no dá moito servizo. As cunetas e o camiño están desfeitos, pregunta se hai algún proxecto para melloralo.

A Presidenta lle contesta que hai un proxecto para reparalo.

O Sr. Comesaña López, pregunta como está o tema dos accesos a Duches.

A Presidenta lle contesta que se vai ter unha xuntanza co presidente de Portos. Hai un proxecto para mellorar os accesos, cando esté rematado o dará a coñecer e o transmitirán aos colectivos.

O Sr. Lamas Guisande, representante da asociación cultural, pregunta como está o tema do paso de peóns onde a farmacia no cruce da Portela.

A Presidenta lle explica que o Concello pode pedir autorización a Fomento e sufragar os gastos o Concello. Instalaríase un paso con semáforos. A vía máis rápida é pedir autorización a Fomento que valorarán o tráfico e habitantes da zona e que sexa o Concello o que o leve a cabo. O semáforo da zona das Cardosas onde a rotonda o deseñaron os técnicos.

O Sr. Lamas Guisande, solicita que se bachee a zona de Mercadona hacia arriba, que o asfalto está mal.

A Presidenta lle contesta, en relación a este tema, que se falou coa concelleira de vías e obras, M^a José, non so habería que asfaltar, habería que anchar en determinadas zonas para abrir algo máis o camiño.

O Sr. Lamas Guisande, comenta que no cruceiro puxeron unhas bolas de protección e son pequenas e nin os coches as miran.

O Sr. Covelo Solla, di que é mellor facer unha zona circular arredor do cruceiro.

O Sr. Couñago Mosquera di que habería que sinalizar no chan a plazoleta para que os vehículos saiban por onde teñen que ir.

O Sr. Lamas Guisande, pregunta como está o tema da sinalización do monte.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta lle contesta que xa hai un deseño dos carteis, hai que buscar zonas para que poidan aparcar os vehículos e colocar a sinalización.

A Sra. Alonso Lemos, representante da asociación de veciños, di que no camiño da Fonte da Lama, habería que poñer outro panel porque o ocupan con carteis doutros sitios.

O Sr. Couñago Mosquera pide que se avise aos que recollen o lixo na estrada de Santo Estevo que coloquen os contenedor máis cerca, cada vez os deixan máis preto da estrada.

O Sr. López Collazo, representante da asociación de veciños, pregunta cando Fenosa vai retirar os postes en varias zonas, na de Noli, na de Xaime, na de Serafín...

A Presidenta lle contesta que se solicita a Fenosa e van retirando os das zonas máis prioritarias. Se o fixera o Concello tería un coste moi alto.

O Sr. Covelo Solla, comenta en relación co tema da escola que no próximo consello vai traer un documento da propiedade que tiña parar que quede claro que non lle roubaron nada á igrexa. Segue reivindicando que se faga como era antes. As persoas maiores que o coñecen e están buscando unha foto onde se vexa. No seu día se acordou que se rexistrara a nome do Concello. O uso defenderon sempre para a asociación de veciños porque non teñen local ou tamén para outros colectivos que non teñan.

A Presidenta lle indica que os espazos son para usar e había que darlle un uso concreto para que se autorizase a rehabilitación. Hai que usalo de xeito coordinado, quen a precise, que poida usala e en base ao uso para o que se concedeu a autorización para rehabilitala.

A Sra. Alonso Alonso, representate do PP, aclara que o uso para o que Patrimonio o autorizou é para arquivo parroquial.

O Sr. Lamas Guisande, representante da asociación cultural, lles indica que o centro cultural ten sitio para todos, se algún colectivo o necesita o poñen a súa disposición.

O Sr. González Campo, representante do BNG, pregunta se como van a ter unha xuntanza coa autoridade portuaria, se na zona de Duches hai algún proxecto, que queren facer nesa zona e que cando o teñan que se traia o proxecto ao consello.

O Sr. Covelo Solla, pide que se respete a lámina de mar.

O Sr. López Collazo, reitera que se aclare o tema do saneamento.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.